

Nome _____ Data _____

1 Completa a oración.

Todos os seres vivos temos en común dúas características: realizamos as funcións _____ e estamos formados por _____.

2 Subliña a palabra correcta.

As persoas estamos formadas por millóns de partes moi pequenas chamadas *células/órganos*. Por iso dicimos que somos seres *unicelulares/pluricelulares*.

3 Completa o texto.

As _____ son as unidades máis pequenas que forman os seres vivos e que, ademais, están _____. Son tan pequenas que non se poden ver a simple vista; para poder observalas necesítase un _____.

4 Completa a táboa.

Función vital	Definición
	As células divídense e dan lugar a outras células fillas.
Nutrición	
	As células reciben a información do medio que as rodea e poden reaccionar ante ela.

5 Une o debuxo de cada tipo de célula co seu nome.



Célula do intestino

Célula do sangue

Célula muscular

6 Ordena de máis simple a máis complexo os seguintes niveis de organización do corpo humano.


Órganos Tecidos Sistemas e aparellos Células

7 Relaciona cada debuxo co nivel de organización ao que corresponde.

Célula

Tecido

Órgano



8 Escribe o nome de cada nivel de organización.



9 Completa o texto.

Nos seres pluricelulares, as células que son do mesmo tipo e realizan unha función común agrúpanse en _____. Por exemplo, o _____, que está formado por células musculares que se encargan do movemento.

10 Completa a táboa.

Nivel de organización	Definición	Exemplo
	Agrupación de órganos de diferente tipo ou de varios sistemas que funcionan de xeito coordinado para realizar un traballo.	

1

A organización do corpo humano

CONTROL A

Nome _____ Data _____

1 Que dúas características temos en común os seres humanos cos demais seres vivos?

2 Por que dicimos que as persoas somos seres vivos pluricelulares?

3 Que é unha célula?

4 Escribe a definición das funcións vitais que realizan as células.


Nutrición: _____

Relación: _____

Reprodución: _____

5 De que está formado un tecido? E un órgano? Cal dos dous é máis complexo?

6 Escribe o nome das células que forman o noso corpo.



7 Escribe o nome dos niveis de organización que se ven nos debuxos.



8 Explica que é un sistema e pon un exemplo.

9 Explica que é un aparello e pon un exemplo.

10 Que niveis de organización existen nun ser humano?

Nome _____ Data _____

- 1** Que teñen en común todos os seres vivos?
- Realizan tres funcións vitais e son todos unicelulares.
 - Realizan tres funcións vitais e están formados por células.
 - Realizan dúas funcións vitais e son todos pluricelulares.
- 2** As persoas somos seres vivos...
- formados por células.
 - pluricelulares.
 - As dúas respostas anteriores son correctas.
- 3** A función pola cal as células se dividen e orixinan outras células fillas é a función de...
- nutrición.
 - reprodución.
 - multiplicación.
- 4** A función pola cal as células obteñen as substancias que necesitan para medrar e conseguir enerxía é a función de...
- nutrición.
 - relación.
 - alimentación.
- 5** A función pola cal as células reciben información do medio que as rodea e poden reaccionar ante el é a función de...
- comunicación.
 - reprodución.
 - relación.
- 6** Como son as células do noso corpo?
- Todas iguais.
 - Do mesmo tamaño, pero con distinta forma.
 - De distinta forma e distinto tamaño.
- 7** Nos seres pluricelulares, as células que son do mesmo tipo agrúpanse en...
- tecidos.
 - aparelos.
 - órganos.
- 8** Varios órganos do mesmo tipo que realizan a mesma función forman un...
- tecido.
 - aparello.
 - sistema.
- 9** A unión de varios tecidos que se organizan para funcionar conxuntamente é un...
- organismo.
 - órgano.
 - aparello.
- 10** Un aparello está formado por...
- órganos do mesmo tipo ou varios sistemas.
 - órganos de distinto tipo ou un único sistema.
 - órganos de distinto tipo ou varios sistemas.